

DIDÁCTICA ESCOLARES

Co obxectivo de coñecer de preto a obra de Quessada e achegarse ao mundo das vangardas e mais á historia do século xx, Afundación propón unha visita obradoiro para escolares de ESO e bacharelato.

O Guernica segundo Quessada

Prezo: 1 €/participante

Máis información e reservas en
areaeducativaourense@afundacion.org
ou no 988 391 746


Quessada. Sociedade e represión

20 de decembro de 2017 a 4 de marzo de 2018

Luns a venres 17.30 a 20.30 h
Sábados, domingos e festivos 12.00 a 14.00
e 17.30 a 20.30 h

Sala de Exposicións Afundación
Praza Maior, 4
Ourense



Portada: Noala, 1961. Óleo sobre tea. Colección de Arte Afundación. O papel deste folleto é 100 % reciclado e foi producido baixo unha xestión forestal responsable. Depósito legal: C. 1991-2017



Quessada. Sociedade e represión



A piques de cumprirse o décimo aniversario do falecemento de Xaime Quesada Porto, inaugúrase esta mostra da súa obra en Ourense, a súa cidade natal, da man da Fundación Xaime Quesada Blanco.

Este proxecto, á vez que difunde o seu legado artístico, permítenos lembrar a súa achega á historia da arte de Galicia e recuperar a memoria da súa complexa personalidade pictórica, así como do seu sentido da solidariedade e o seu compromiso social como cidadán.

A Sala de Exposicións de Afundación, que en 2006 foi sede da súa última mostra en Ourense, xunto coa obra do seu fillo Xaime, acolle agora unha selección de traballos deseñada desde a vertente testemuñal e comprometida do pintor, coa mirada posta na especial preocupación pola defensa dos dereitos humanos que manifestaría ao longo de toda a súa vida.

Retomamos así o estudo da obra de Xaime Quesada e medimos a multiplicidade estética e o universalismo da súa pintura para situalo como un destacado na historia da arte moderna de Galicia.

José Gómez Alén

◀ *El Garrote I*, 1960-1970. Técnica mixta sobre cartón, 100 x 70 cm. Colección de Arte Afundación



Holocausto II, 1968. Óleo sobre tea, 50 x 75 cm. Fundación Xaime Quesada Blanco



[...] e é que o pintor decidiu ser, ademais de artista, algo para el irrenunciable, un home do seu tempo, namorado da liberdade, inimigo acérrimo da inxustiza, paladín da dignidade humana, por enriba de credos, sistemas, relixións.

Francisco de Pablos

Esta mostra de Xaime Quesada, insólita e insolente neste tempo átono e brando, debería suscitar, entre outras reflexións, unha especialmente importante sobre o compromiso do artista...

[...] En 1935 un xornalista madrileño faille a Pedro Salinas, poeta e catedrático de Literatura, esta incisiva pregunta: Cre vostede que a literatura e a arte deben manterse á marxe das inxedanzas sociais do noso tempo? Don Pedro Salinas contesta: «Non sei se a literatura e a arte deben manterse á marxe das inxedanzas sociais. O que creo é que non poden».

X. Alonso Montero

◀ *A Julián Grimau*, 1960-1970. Técnica mixta sobre cartón, 100 x 70 cm. Colección de Arte Afundación